

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS

Artigo 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos**

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º. RESPONSABLES

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. PERCEPCIÓN

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. LIQUIDACIÓN

- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. NORMAS DE XESTIÓN

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal á que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

- Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período

natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

Primeiro. TARIFAS

Zona A	$0,26 \times 1 \times 1,05 = 0,27$ euros/m ² /día
Zona B	$0,25 \times 1 \times 1,04 = 0,26$ euros/m ² /día
Zona C	$0,23 \times 1 \times 1,03 = 0,24$ euros/m ² /día
Zona D	$0,22 \times 1 \times 1,02 = 0,22$ euros/m ² /día
Zona E	$0,20 \times 1 \times 1,01 = 0,20$ euros/m ² /día

Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa dos Barcos.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e o da vila de Portonovo.

Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa.

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio.

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio.

1º. As presentes tarifas aplicaranse por metro cadrado e día.

2º. Para o suposto de tendidos, tuberías e conduccións aplicarase a tarifa por metro lineal.

3º. Para o suposto de caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, raís, básculas e análogos, a superficie mínima será de 1 m².

4º. Para períodos superiores a un mes aplicarase ás tarifas o coeficiente divisor 1,10 (para o segundo mes, terceiro e sucesivos ata completar o ano, aumentarase o coeficiente divisor a razón de dúas décimas por mes).

5º. Para o suposto de solicitar tres ou máis caixas de amarre ou de rexistro aplicarase un coeficiente divisor que será igual ó número de caixas solicitadas menos 1,5, é dicir, a 6 caixas aplicaráselle o coeficiente divisor: $6 - 1,5 = 4,5$.

En virtude do disposto no artigo 24 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, cando se trate de empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade o a unha parte importante da veciñanza, o importe da taxa regulada no artigo 20.2.e) e 20.2.k) da Lei 39/1988 de 28 de decembro, consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente, en cada termo municipal, as referidas empresas.

Segundo. Outras normas especiais de xestión

Terceiro. Data de aprobación

Aprobada a súa modificación provisionalmente polo Pleno de 22.08.02 e será de aplicación a partir do día 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.